

DICIT DOMINUS

Schola Antiqua


Juan Carlos Asensio

Pneuma PN-910

DDD. 70:54. III/2006



Un sinal de identidade recoñecible pola súa ascendencia que nos remite á abadía do Val dos Caídos e cuxo artífice foi o pai Laurentino, a Schola Antiqua quedará integrada por antigos membros que nela se formaron. Nesta nova achega fonográfica, *Dicit Dominus*, entrégnanos unha serie de pezas, na súa maioría antífonas, modelo dun tipo de canto comunitario e acto confesional dun coro monástico identificado co significado duns textos que proveñen do Antigo Testamento e en concreto, na súa maioría, dos Salmos. Concede certas licencias e configúrase a modo de Tonario, especie de pequena colección de pezas dentro dunha orde establecida segundo a súa categoría modal. Será o seu elemento distintivo nunha forma de gregoriano que chegou a



verse convertido en música para o relaxamento de altos executivos. Schola Antiqua e o seu director Juan Carlos Asensio pasan por un elenco de traxectoria meridiana presidida pola fiabilidade que outorga a investigación, a dimensión consecuenta no campo pedagóxico e a interpretación artística. Por propia opinión de Schola Antiqua, o novo antifonario non só presenta as melodías máis depuradas, con novos signos pneumáticos que lembran as primitivas notacións e axudan á súa interpretación sen necesidade da consulta dos manuscritos, senón que ademais suxire a necesidade dalgunhas tradicións estereotipadas ao longo do tempo con pouco sentido á hora de entender o canto gregoriano como xenuina fusión de música e texto.

R.G.B.